# ANEXO XIII

**Instrución para a presentación dos xustificantes de gasto e de pago das actuacións elixibles.**

1. Xustificantes de gasto. Consistirán nas copias das facturas acreditativas dos investimentos, que cumpran as exixencias que establece o Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación:

En particular as facturas deberán cumprir, como mínimo, os seguintes requisitos:

• Número e, se é o caso, serie.

• A data da súa expedición.

• Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

• Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, co que realizase a operación o obrigado a expedir a factura.

• Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

• Descrición das operacións. Consignaranse todos os datos necesarios para a determinación da base impoñible do imposto, correspondente a aquelas, e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.

• O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.

• A cota tributaria que, se é o caso, lle repercuta, deberá consignarse por separado.

• A data en que se efectuasen as operacións que se documentan, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.

• No caso de que unha operación estea exenta ou non suxeita ao IVE, especificarase o artigo da normativa referida ao IVE que así o recoñece.

• Só se considerará elixible a base impoñible que figure na factura.

• Non se admitirán como xustificantes de gasto albarás, notas de entrega, facturas pro forma, tíckets, recibos, nin as facturas que non conteñan todos os requisitos citados para a súa consideración como tal ou cuxa data non se axuste aos prazos citados.

• Nas facturas deberá figurar claramente especificado o obxecto facturado e, no caso de maquinaria, deberán figurar os datos identificativos, marca, modelo e número de bastidor.

• Así mesmo o provedor e os investimentos que figuren deberán coincidir exactamente cos que figuran no orzamento escollido das tres ofertas presentadas.

2. Xustificantes do pagamento. A xustificación do pagamento realizarase mediante a presentación dalgún dos documentos que se relacionan a seguir:

a) Presentarase o xustificante bancario do pago polo beneficiario (transferencias bancarias, certificacións bancarias, extractos bancarios, ou documentos obtidos a través da banca electrónica) , no que conste o número da factura obxecto de pago, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pago, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

b) Se o pago se instrumenta mediante efectos mercantís que permitan o pago aprazado (cheque, obriga de pago, letra de cambio, etc.), achegarase a factura xunto coa copia do efecto mercantil, acompañado da documentación bancaria (extracto da conta do beneficiario, documento bancario acreditativo do pago do efecto, etc., que deberán ir selados polo selo orixinal da entidade financeira) en que conste claramente que o dito efecto foi efectivamente pagado dentro do prazo de xustificación.

c) No caso de que un xustificante de pago inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pago as facturas obxecto del.

d) No caso dunha factura cuxo pago se xustifique mediante varios documentos de pago, cada un destes deberá facer referencia á factura a que se imputa o pago, e irá xunto cunha relación de todos os documentos de pago e importes acreditativos do pago desa factura.

e) No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pago a factura ou facturas cuxo pago se imputa ao proxecto.

f) No caso de facturas en moeda estranxeira, deben xuntarse os documentos bancarios de cargo en que conste o cambio utilizado.

g) Non se admitirán os pagamentos en efectivo.